



Consello
Consultivo
de Galicia

MEMORIA ECONÓMICA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA: ECONÓMICA

O Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por ningún mandato imperativo.

A citada Lei foi modificada pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, pola Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, pola Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación e pola Lei 2/2023, do 14 de marzo.

A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, suprime na D.A 4ª o corpo de letrados do Consello Consultivo de Galicia regulado no artigo 30 da Lei e integra ao persoal funcionario pertencente ao indicado corpo na escala de letrados da Xunta de Galicia.

A citada Lei 2/2017 modifica o artigo 22.2 da lei anterior que establecía que “A persoa titular da Secretaría Xeral deberá ser licenciada en Dereito e funcionaria do grupo A, subgrupo A-1[...]”. Na nova redacción se establece que “o posto de titular da Secretaría Xeral estará asimilado no seu rango ao de alto cargo”.



Así, procede adaptar a RPT ao establecido na vixente Lei, adaptando a mesma a nova configuración que fai do persoal que desenvolve as función de letrado e a eliminación do posto Secretario/a xeral, nivel 30 que existía, e a maiores á creación dun posto de nivel 25 para reforzar o apoio á Presidencia.

A repercusión económico-financeira para facer fronte ás modificacións propostas estímase nun custe de 0€, en base ao establecido na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 segundo o seguinte detalle:

1. AMORTIZACIÓN DE POSTOS

Proponse a eliminación dos seguintes postos:

- **Secretario/a xeral – letrado/a (CCG001), nivel 30, LD.**

A Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, adaptou o seu anexo de persoal á modificación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación a que establece que “o posto de titular da Secretaría Xeral estará asimilado no seu rango ao de alto cargo”, polo que procede agora a eliminación desde posto na modificación da RPT xa que dende a entrada en vigor devandita lei, non é un posto de funcionario. No anexo de persoal da lei de orzamentos vixente xa non aparece dotado este posto como de persoal funcionario senón como alto cargo (liña 4060).

- **Auxiliar Administrativo (CCG045), nivel 12, C.**

No anexo de persoal da lei de orzamentos vixente non aparece dotado este posto, polo que neste caso a eliminación procede tamén da adaptación da RPT á realidade do anexo



de persoal que acompaña á Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

2. CREACIÓN DE POSTOS

Creación do posto de **“Xefatura de Sección de Apoio”, de nivel 25**, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión de libre designación, aberto aos subgrupos A1-A2-C1, coa adscrición A11 e a formación específica 640 (para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego-requisito imprescindible).

PROGRAMA	LIÑA	DENOMINACIÓN	GR	NIV/ CAT	MASA SALARIAL	SEG. SOCIAL	CUSTO TOTAL
2023.20.01.111D	2594	SECCIÓN DE APOIO	A1,A2,C1	25	40.803,10	12.240,93	53.044,03

Ante a previsión desta modificación no anexo de persoal do anteproxecto de orzamentos para o ano 2023 o Consello Consultivo de Galicia dotou a liña correspondente estimada en 53.044,03€. Por este motivo a modificación non supón custo económico algún, ao estar dita modificación reflectida no anexo de persoal da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.



3. OUTRAS MODIFICACIÓN

1- Modificar a forma de provisión, o corpo/escala e adscrición administracións públicas dos seis postos denominados “Letrado/a” con códigos na RPT actual: CCG002, CCG004, CCG005, CCG006, CCG007 e CCG008.

- Forma de provisión : Libre Designación
- Corpo/Escala: XSL (Xeral, escala letrados)
- Adscrición administracións públicas: (AXG)
- Eliminar a formación específica 640.

E modificar no posto CCG003 a forma de provisión, o corpo/escala e adscrición administracións públicas, quedando configurado como se indica:

C.P	DENOMINACIÓN	NIVEL	FORMA PROVISIÓN	SUBGRUPO	CORPO/ESCALA	ADSCR. ADMON. PÚBLICA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA
CCG003	Letrado/a	30	LD	A1	(1)	(2)	2062	640

(1) - XSL (Xeral, escala letrados) e persoal pertencente á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala de secretaría

(2) - AXG (funcionarios da Xunta de Galicia) e administración local para o caso de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

Esta modificación non supón custo económico algún.

2- - A maiores, corrixir no posto denominado subalterno/a (CCG051), nivel 10, o grupo que na RPT actual consta como “E” e debe ser “AP”.

Esta modificación non supón custo económico algún.



Consello
Consultivo
de Galicia

3- Por último, estes cambios (amortizacións e creación) obrigan á recodificación de varios postos.

Esta modificación non supón custo económico algún.

Segundo o exposto consideramos necesario proceder ás modificacións sinaladas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O secretario xeral

José Ángel Oreiro Romar